

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día trinta de setembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2025 E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinaria celebrada en data 23 de setembro de 2025 e extraordinaria e urxente do día 26 de setembro de 2025, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria realizada en data 23 de setembro de 2025 e extraordinaria e urxente do día 26 de setembro de 2025.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consorcio As Mariñas, aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao segundo trimestre do ano 2025, que reixerá para o Concello de Cambre. BOP número 180, de 22-09-2025.

- Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica da Deputación Provincial da Coruña, aprobación definitiva da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña. BOP número 185, de 23-09-2025.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 19 de setembro ao 25 de setembro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 867/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 905/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
867/2025	19-09-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e o Programa de Traballo presentados pola empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", para a execución da obra denominada "Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros, Cambre 2022" (expediente: 2022/C003/000021), e aprobación dos ditos plans.
868/2025	19-09-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 23 de setembro de 2025, ás 10.00 horas.
869/2025	22-09-2025	Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 25 de setembro de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas.
870/2025	22-09-2025	Acordo de remisión ao xulgado Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, do expediente administrativo de responsabilidade patrimonial 2025/P001/000005 que motivou a interposición do recurso contencioso-administrativo procedemento abreviado número 0000285/2024. Demandante: MSA.
871/2025	22-09-2025	Cesar á informadora xuvenil interina dona AFS, pola reincorporación da titular do posto a quen substituíra, dona SGC, de conformidade cos artigos 10-3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 24-3.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
872/2025	23-09-2025	Asignar o número 17 C á vivenda unifamiliar situada no lugar de Seoane, Anceis, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
873/2025	23-09-2025	Conceder a D. LVG a licenza administrativa solicitada para a

		posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
874/2025	23-09-2025	Conceder a D <sup>a</sup> . VBG a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, , sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
875/2025	23-09-2025	Conceder a D. MJAV a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
876/2025	23-09-2025	Conceder a D. JMMD a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
877/2025	23-09-2025	Conceder a D. FVF a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
878/2025	23-09-2025	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa ESTURION, S.L. formulando proposta de resolución.
879/2025	23-09-2025	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, ACCESO A INTERNET, CENTRALIÑAS VIRTUAIS E ALUGUER DE EQUIPO, INCLUÍNDO OS SERVIZOS DE CONEXIÓN CON OUTROS CENTROS DE TRABALLO DESTA CONCELLO, SERVIZOS DE FIREWALL (SEGURIDADE E ANTIVIRUS), SERVIDOR VIRTUAL E RESPOSTA RÁPIDA DE INCIDENCIAS E

		AVARÍAS prestado pola empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A formulando proposta de resolución.
880/2025	23-09-2025	Conceder a D <sup>a</sup> . MII a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
881/2025	23-09-2025	Conceder a D. DVAT a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
882/2025	23-09-2025	Aprobar a relación de admitidos, con efectos do 1 de xaneiro, para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025
883/2025	23-09-2025	Conceder a D. RMT a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
884/2025	23-09-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 10/2025 por importe de 208.041,46 euros na aplicación orzamentaria "011 91100 Amortización de préstamos a longo prazo de entes del sector público" financiado con compromiso de ingreso no concepto "46100 Transferencias correntes de Deputacións".
885/2025	23-09-2025	Considerar desistida a VPdeG, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 02/06/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
886/2025	23-09-2025	Aprobar a relación de solicitudes dos/as participantes admitidos/as nas diferentes quendas do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2025".
887/2025	23-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MCVC.
888/2025	23-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por

		tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: DFP.
889/2025	23-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal, solicitada o 05/08/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: NPdeS.
890/2025	23-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: YAO.
891/2025	23-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MLR.
892/2025	23-09-2025	Considerar desistida a MESA da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 15/07/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
893/2025	23-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CDVC
894/2025	23-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: PYCdeP
895/2025	23-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LCC.
896/2025	23-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 11/08/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 22.1 da ordenanza reguladora, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2 da dita ordenanza, o

		saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: KFC.
897/2025	23-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal, solicitada o 13/08/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: EFO.
898/2025	23-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 25/08/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: FCE.
899/2025	23-09-2025	Asignar o número 13 ao edificio situado na rúa Abeleira, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaria, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
900/2025	23-09-2025	Conceder a Telefónica de España, SA, a licenza municipal solicitada para a substitución de dous postes de madeira por postes de formigón, desinstalación dunha riostra e substitución de dúas riostras no tendido telefónico existente na rúa Nobel, polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, para a compartición de infraestruturas telefónicas aéreas, segundo a memoria técnica que se achega (proxecto núm. 01990446 – 3611302), supeditada ao cumprimento das condicións establecidas na autorización da Deputación Provincial da Coruña do 10 de marzo de 2025, así como ao cumprimento dos requisitos que constan na resolución.
901/2025	24-09-2025	Aprobar o <i>Programa de actividades socioculturais de proximidade 2025/2026</i> , a desenvolver dende o 6 de outubro de 2025 ata o 31 de maio de 2026.
902/2025	24-09-2025	Considerar desistido a JGGH da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 03/07/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
903/2025	24-09-2025	Conceder licenza a don EJLV para o cambio de alicatados de baños e cociña, así como da carpintería interior na vivenda unifamiliar sita no lugar de Altamira, parroquia de Anceis.
904/2025	24-09-2025	Aprobar factura por importe de 1.841,27 euros. Recoñecer e liquidar as obrigas, e aprobar a ordenación e realización do pagamento.

905/2025	24-09-2025	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 1.200 euros
----------	------------	---

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

O Sr. Varela Fraguío di que, vista a boa disposición referente ás mocións do PSOE, que lles parece convocar o Consello Escolar.

A Sra. alcaldesa contesta que todo o que sexa apoiar e darlle información aos veciños, pola vía que sexa, parécelle ben e están a disposición.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e doce minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo